



NORMATIVA GALEGA DE COMPETICIÓN

TEMPADA 2025-2026





Índice

DISPOSICIÓN XERAIS	3
ORGANIZACIÓN, DIRECCIÓN E PARTICIPACIÓN	4
CONTROL DE INSCRICIÓN	6
FÓRMULA DE COMPETICIÓN.....	7
DOCUMENTACIÓN.....	12
NORMATIVAS DE IDADES.....	12
CONTROL ANTIDOPING	13
PREMIACIÓN LIGA	13
PREMIACIÓN CAMPIONATOS GALEGOS.....	14
TOMAS DE TEMPOS.....	15
LIGAS DE PISCINA.....	¡Error! Marcador no definido.
CAMPIONATOS GALEGOS DE PISCINA.....	¡Error! Marcador no definido.
LIGAS DE PRAIA.....	¡Error! Marcador no definido.
CAMPIOANTOS GAELGOS DE PRAIA	¡Error! Marcador no definido.





DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1

1.1. A tempada oficial de salvamento iniciárase o día 1 de outubro de cada ano e rematará o 30 de setembro do ano seguinte.

1.2. A presente normativa e o calendario de competicións aprobaranse pola Asemblea Xeral da FESSGA, mentres que os cambios serán aprobados en comisión delegada.

1.3. É indispensable, para poder participar en calquera competición de ámbito rexional que tódolos socorristas dispoñan da licenza en vigor, tramitada pola Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia.

1.4. As solicitudes de renovación de licenza, cos seus resgardos bancarios, enviaranse tanto a secretaría da FESSGA como a licenciasfessga@gmail.com, ata **10 días** naturais antes da celebración do campionato do ou xornada oficial que se vaia disputar.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- **Resgardo bancario do ingreso :**
 - **Banco Sabadell ES42 0081 2186 8300 0116 3022**
- **Tramitación a través da web da RFESS.**
- **Envío do pdf co listado ou listados de deportistas tramitados.**

1.5. Non se considerará unha renovación de licenza ou afiliación de club debidamente cumprimentada, se non se adxunta á solicitude de dita renovación, o resgardo bancario correspondente ó pago do mesma, nin en outro formato diferente ó que esixe a FESSGA.

1.6. Ningún socorrista deportivo poderá participar en Competicións Territoriais sen licenza e sen seguro, (tendo en conta todo o anterior.)

1.7. As renovacións da licenza RFESS, cuxa tramitación séa incorrecta polo incumprimento de algún dos requisitos do apartado 1.4. , terán un custo adicional de 15 €

COTAS DE LICENCIA FEDERATIVA DA TEMPADA 2025-2026

Licencia	LICENCIA
Deporte adaptado/inclusivo/si compiten	25 €
Deportista menor 6 anos	20 €
Deportista alevín	20 €
Deportista menor (2015 - 2010)	45 €
Deportista maior (2009 e anteriores)	65 €
Deportistas master (1996 e anteriores)	75 €
Club	250 €
Crono	31 €
Árbitro territorial	40 €
Árbitro nacional	55 €
Directivo club / delegado	80 €
Técnico deportivo	80 €

Nota: as segundas licencias valerán 20 €. Págase a de maior importe.





1.8. A integración na RFESS e FESSGA a través da licencia federativa o a inscrición a unha competición do Calendario Oficial da RFESS e FESSGA implica a autorización automática da persoa interesada ou do seu representante legal para a publicación na páxina web da RFESS e da FESSGA do seu nome y apelidos, número de licencia, número de Documento Nacional de Identidade, categoría, club e federación autonómica á pertence, en relación coa documentación que xere dita competición, a efectos de organización da mesma e do resto das competicións do Calendario Oficial da RFESS y FESSGA: “listas de saída, clasificacións, récords e rankings”.

Nas actividades formativas e deportivas organizadas pola FESSGA ou RFESS, pódense obter imaxes gravadas ou fotografías da actividade e dos seus participantes, susceptibles de ser usadas pola RFESS, FESSGA ou entidades colaboradoras, para actividades relacionadas única e exclusivamente co obxecto social. Salvo indicación expresa enténdese que o club participante e todas as persoas que asistan a actividade autorizan expresamente a RFESS, FESSGA ou entidades colaboradoras a utilización de aquelas nas que aparezan.

Cada club integrado na FESSGA e en consecuencia na RFESS é responsable de informar a todas as persoas que o forman o contido do presente artigo.

1.9. O logotipo, emblemas e símbolos da FESSGA non poden ser utilizados sen autorización expresa da mesma, o contrario entenderase como un uso fraudulento é en consciencia tomarase as medidas de sanción oportunas.

1.10. A Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia poderá autorizar a gravación ou a realización de fotografías na zona de competición*, con fins de promoción ou técnicos, para o que será necesario solicitar unha autorización previamente a FESSGA no correo inscripcionesfessga@gmail.com.

**Zona de de competición:*

Piscina: praia, vaso, cámara de saídas, zona de saídas e viraxes (quedando excluída as gradas).

Praia: zona interior acotada pola organización, no caso de non estar acotada calquera zona que indique a organización como competición.

ORGANIZACIÓN, DIRECCIÓN E PARTICIPACIÓN

ARTIGO 2

2.1 A Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia asume a responsabilidade da coorganización das competicións oficiais xunto coa entidade designada para organizar a competición.

2.1.1. Para as xornadas de liga a FESSGA encargarse de recoller as inscricións, elaborar as series e publicar os resultados, así como nomear os árbitros correspondentes a través do CGA.

Mentres que o club solicitante da celebración da xornada encargarse da organización no espazo no que se realicen as probas, praia ou piscina e preverá os colaboradores necesarios para a correcto funcionamento da competición. A continuación son detallados o aporte material de recursos humanos que debe aportar a entidade organizadora.

- ✓ Piscina
 - Megafonía
 - Conexións eléctricas
 - Mesas e cadeiras para cronometradores e secretaría de competición
 - Vallas e cinta de balizar
 - Auga para o persoal da organización
 - 10 colaboradores:



- 1 encargado montaxe
- 6 colaboradores de auga (según calles)
- 1 cámara de saídas
- 1 locutor/a

✓ Praia

- Conexións eléctricas
- Ambulancia ou plan de emerxencia local
- Cobertura das probas de auga, polo menos unha embarcación con patrón e socorrista
- Megafonía
- Vallas e cinta de balizar
- Auga para o persoal da organización
- 10 colaboradores
 - 2 cámara de saídas
 - 7 axudantes de montaxe/arbitral
 - 1 locutor/a

No caso que a entidade organizadora non poida aportar o material e os recursos humanos necesarios para a correcto desenvolvemento deberá poñerse en contacto coa FESSGA.

A entidade adxudicataria da organización estará exenta do pago de inscricións correspondente a dita xornada.

2.2. A FESSGA como encargada da dirección dos eventos do calendario oficial designará os seguintes cargos:

- Xefe de competición
- Comisión de Competición
- Xurado da Competición a través da Comisión Galega Arbitra ou persoa elixida pola FESSGA para desempeñar esas funcións.
- O Xefe de competición, terá plena autoridade sobre os asuntos non atribuídos segundo regulamento ó Adxunto do Xefe de competición, xuíces e outros oficiais, e terá a capacidade de modificar o horario das probas ou a orde das mesmas, dar as instrucións necesarias de acordo cos regulamentos aprobados para organizar cada proba.
- A Dirección de Competición estará facultada para resolver, en primeira instancia, as posibles anomalías da competición.

O seu veredicto poderá ser recorrido, con posterioridade, ante a Comisión de Competición da FESSGA.

A Comisión de Competición estará formada por:

- Xefe de competición
- Un membro Directivo da FESSGA
- Un membro da organización
- Xuíz Adxunto da competición
- Un representante elixido por sorteo entre os delegados dos clubs participantes

2.3.1. A FESSGA, nomeará os seguintes árbitros para o control da competición:

- Xefe de competición
- Xuíz Adxunto





- Xuíz de Saídas
- Xuíz de percorrido
- Xuíces cronometradores

ARTIGO 3

3.1. Poderán participar nas xornadas de liga, trofeos e campionatos galegos os socorristas que teñan a correspondente licenza tramitada a través da FESSGA. A FESSGA reservase o dereito de invitación de deportistas de outras Federacións de salvamento distintas a FESSGA, no caso que estes participen deberán pagar as mesmas cotas de inscrición que os clubs e deportistas galegos. Non serán admitidas as inscricións que non veñan acompañadas do correspondente xustificante de pago.

3.2. Nos Campionatos Galegos Júnior e Absoluto de piscina, non poderán participar nin en relevos nin en individual, aqueles deportistas que non teñan acadada algunha mínima. Nos Campionatos Galegos Cadete e Xuvenil de piscina os deportistas das categorías cadete e xuvenil poderán participar en relevos sen posuír ningunha mínima individual. Na categoría infantil, os Campionatos Galegos de piscina a participación será libre.

3.3. Nos Campionatos Galegos de praia non haberá límite de participación.

3.4. Cada club poderá inscribir un único relevo por categoría, e un número de deportistas segundo as normas específicas de cada evento. Agás na Liga Absoluta, na Final de Liga Absoluta que poderán inscribirse dous relevos.

3.5. Un socorrista que non participe nunha proba para a que está inscrito, sen darse de baixa, segundo establece o artigo 7, Apartado 2 non poderá participar en ningunha outra proba da sesión (mañá ou tarde).

3.6. Establécese para a participación nas xornadas de liga de piscina unha cota de **15 € por club e 5 € por deportista, e nas ligas de praia 20€ por club e 6 € por deportista. O club organizador non paga inscricións.**

A cota de inscrición da FASE FINAL será de 20€ por club e 8 por deportista.

Para os Campionatos Galegos organizados pola FESSGA que dispoñan de crono electrónico a inscrición será de **8 € por deportista e 100 € por club**. Para os que non dispoñan de crono será de **6 € por deportista e 50 € por club**.

CONTROL DE INSCRICIÓN

ARTIGO 4

4.1 Os clubs terán que **realizar as inscricións** dos deportistas participantes na competición no programa correspondente (web oficial RFESS). Os tempos acreditados para as xornadas de liga e Campionatos Galegos serán os obtidos dende o 1 de outubro da tempada anterior.

4.2 As falsificacións dos nomes ou das idades dos participantes producirán a descalificación do deportista en todo o evento.

4.3 O prazo de inscricións pecharase **o luns** antes á xornada de liga correspondente ás 23:59 h. No caso dun Campionato Galego o prazo pechará **o luns antes do día da celebración**.





4.4 Unha vez finalizada o prazo de inscricións publicaranse as series provisionais abrindo un prazo para emendar no caso de ser necesario ata o mércores as 14:00 horas antes. O xoves previo a competición publicaranse as series definitivas que estarán a disposición na web da FESSGA.

4.5 A documentación requirida e xustificante de pago correspóndete debe enviarse á FESSGA ó e-mail inscripcionesfessga@gmail.com antes do martes previo a competición. Non se aceptarán as inscricións que sexan diferentes ós modelos oficiais.

4.6 As inscricións realizaranse obrigatoriamente a través da plataforma de inscricións da RFESS.

4.7 Será obrigatorio no momento da inscrición cumprimentar os compoñentes das probas de relevos. Ditos compoñentes poderán ser modificados na reunión técnica ou ata media hora antes da competición. En caso de lesión dalgún membro do relevo este poder ser modificado en calquera momento pero sempre antes da realización da proba.

No caso de non tramitar baixa o deportista A ausencia inxustificada dun socorrista nunha saída sen ter comunicado a súa baixa, suporá a baixa do socorrista nas probas a competir en toda a sesión.

FÓRMULA DE COMPETICIÓN

ARTIGO 5

5.1. En tódalas probas dos Campionatos Galegos, as competicións poden estar estruturadas con unha das seguintes opcións:

- Series eliminatorias e finais
- Series contra reloxo

Cada competición rexerese segundo a fórmula específica que a tal efecto será regulamentada.

5.2. Nas competicións que se celebren pola fórmula de eliminatorias e finais; se só se celebrara unha serie, poderase nadar como unha final e celebrala na xornada de finais, segundo determine o Xefe da Competición e previo aviso ó Xuíz Principal.

5.3. Todas as probas de piscina e praia, rexeranse pola norma de SAÍDA ÚNICA, agás as categorías alevín e infantil.

5.4. Cada deportista deberá asistir a cámara de saídas ao menos dúas series antes da que lle corresponda competir, do contrario, podería ser sancionado impedindo tomar parte da proba a disputar.

5.5. CAMPIONATOS GALEGOS

5.5.1. Nos Campionatos Galegos xuvenil, júnior e absoluto contará con mínimas, haberá dúas táboas.

- As mínimas "A" teñen asegurada a participación no citado campionato na proba onde se acadou dita mínima. Nunca se poderá participar en outra proba que non se teña a mínima acreditada.

- As mínimas "B" son para completar unha participación máxima por proba de 24 deportistas.

5.5.2. Nos Campionatos Galegos cadete estableceranse mínimas de primeiro e segundo ano.

5.5.3. Nos Campionatos Galegos Alevín, infantil e máster terán participación libre, sen mínimas fixadas.





5.5.4. Campionato Galego de Distancias Cortas a participación será sen mínimas establecidas pero limitada a 4 probas máximo por deportista.

5.5.5 Os Campionatos Galegos Júnior e Absoluto de piscina e campionato Galego Absoluto de praia será en formato Open (ver entrega de medallas na normativa específica do evento).

Nota: No formato Open a participación no campionato estará aberta tanto a deportistas con licenza tramitada a través da FESSGA como o resto de licencias RFESS non tramitadas pola FESSGA. No campionato publicaranse dous resultados, por un lado os resultados acadados polos deportistas con licenza FESSGA (CTO. GALEGO) e por outro lado uns resultados onde computan todos os deportistas participantes (CTO. OPEN)

5.6. LIGA SALVAMENTO E SOCORRISMO DE CATEGORIAS BASE

5.6.1. As ligas de CATEGORÍAS BASE engloba as categorías dende infantil a xuvenil, esta liga consta de 3 xornadas de piscina e 3 xornada de praia. A distribución das xornadas de liga estrúcturase da seguinte maneira:

Nas xornadas de liga de inverno (PISCINA):

- infantil – Zona Norte e Zona Sur
- cadete-xuvenil – Zona Norte e Zona Sur

A zona norte pertence os clubs que teñen sede na provincia de A Coruña e Lugo e a zona sur os clubs con sede en Pontevedra e Ourense

Nas xornadas de liga de verán (PRAIA):

- infantil (sábado tarde) - Zona única
- cadete-xuvenil (sábado mañá) - Zona única

5.6.2. Nas xornadas de liga a categoría infantil competirán pola tarde, agás que se compita en domingo, que se fará pola mañá.

5.6.3. A posición de cada club na clasificación xeral está definida pola suma de todos os puntos obtidos de cada xornada (6 xornadas, 3 xornadas de piscina e 3 xornadas de praia).

5.7. LIGA ABSOLUTA de SALVAMENTO e SOCORRISMO

5.7.1. A liga Absoluta de salvamento pode participar a categoría absoluta. Está estruturada en dúas modalidades independentes entre elas:

- Liga Absoluta de piscina
- Liga Absoluta de praia

5.7.2. **Liga Absoluta de piscina** estará dividida entre primeira división e segunda división, o número máximo de clubs por división será de 5, agás na última división (2 división) que pode superar este número. A Liga Absoluta de piscina, contará con 3 fases de liga previas de primeira e segunda división e unha 4ª xornada ou fase final de liga con todas as probas regulamentarias.

A fase final de liga establece un límite de participación de 5 deportistas por club e proba máis dous relevos.

O sistema de ascenso e descenso de división efectúase da seguinte maneira:

- O 1º e 2º club clasificado da 2ª división ascenderá a 1ª división.
- O 4º e 5º club clasificado da 1ª división descenderá a 2ª división.





A posición de cada club na clasificación final de cada división está definida pola suma de todos os puntos obtidos de cada xornada disputada (3 fases previas de liga máis a fase final)

5.7.2. A **Liga Absoluta de praia** conta con unha única división onde participan todos os clubs. Contará con 3 fases de liga previas con unha única división e unha 4ª xornada ou fase final de liga con todas as probas regulamentarias, na fase final de liga establécese un límite de participación de 5 deportistas por club e proba máis dous relevos.

5.8. LIGA MASTER de SALVAMENTO e SOCORRISMO.

5.8.1. A **Liga master** conta con unha única división onde participan todos os clubs. Está formada por 2 xornadas de piscina e 2 xornadas de praia.

5.8.2. A posición de cada club na clasificación xeral está definida pola suma de todos os puntos obtidos de cada xornada (4 xornadas, 2 xornadas de piscina e 2 xornadas de praia).

5.9. PROPOSTA NOVO SISTEMA DE PUNTUACIÓN LIGA ABSOLUTA

- **Liga absoluta de piscina 1 e 2 división**

En cada xornada, como ata agora, a posición marcarase polo sistema de puntuación que indica a normativa, unha vez fixadas as posicións (1,2,3...) outorgarase a nova proposta de puntuación que dependera da posición que teña cada club finalizar a xornada.

1º POSICIÓN – 5 PUNTOS

2º POSICIÓN – 4 PUNTOS

3º POSICIÓN – 3 PUNTOS

4º POSICIÓN – 2 PUNTOS

Resto de clubs que participen 1 PUNTOS

Non participar nunha xornada de liga terá un penalización de – 1 PUNTOS

A Fase Final dada as súas características terá máis peso sendo da seguinte forma:

1º POSICIÓN – 12 PUNTOS

2º POSICIÓN – 9 PUNTOS

3º POSICIÓN – 6 PUNTOS

4º POSICIÓN – 3 PUNTOS

Resto de clubs que participen 1 PUNTOS

Non participar na Fase Final terá un penalización de – 2 PUNTOS

- **Liga Absoluta de Praia**

Mesmo sistema que na liga de piscina pero con diferentes rangos de puntuación

1º POSICIÓN – 10 PUNTOS

2º POSICIÓN – 9 PUNTOS

3º POSICIÓN – 8 PUNTOS

4º POSICIÓN – 7 PUNTOS

5º POSICIÓN – 6 PUNTOS

6º POSICIÓN – 5 PUNTOS

7º POSICIÓN – 4 PUNTOS

8º POSICIÓN – 3 PUNTOS



Resto de clubs que participen 1 PUNTO

Non participar nunha xornada de liga terá un penalización de – 1 PUNTOS

A Fase Final:

1º POSICIÓN – 24 PUNTOS

2º POSICIÓN – 21 PUNTOS

3º POSICIÓN – 18 PUNTOS

4º POSICIÓN – 15 PUNTOS

5º POSICIÓN – 12 PUNTOS

6º POSICIÓN – 9 PUNTOS

7º POSICIÓN – 6 PUNTOS

8º POSICIÓN – 3 PUNTOS

Resto de clubs que participen 1 PUNTOS

Non participar na Fase Final terá un penalización de – 2 PUNTOS

EN CASO DE EMPATE NA CLASIFICACIÓN FINAL, RECURRIRASE AO SISTEMA TRADICIONAL SENDO O MELLOR CLUB O QUE TEÑA A MAIOR SUMA DE PUNTOS.

ARTIGO 6

6.1. Cando dous ou máis socorristas empaten nas series eliminatorias, tendo a opción de un lugar nas series finais, realizarase unha proba de desempate entre eles que terá lugar ò finalizar a sesión correspondente. Agás o que sinalen as normativas de cada competición.

6.2. Os tempos conseguidos nas probas de desempate constarán nas actas dos resultados e consideraranse válidas como tempos oficiais dos socorristas, sen que por isto se modifique a súa clasificación na proba.

6.3. Se ó celebrarse a proba de desempate, nesta volvérase a producir, realizarase un sorteo.

6.4. Se unha falta ou o material posto a disposición da organización para a realización das probas pon en perigo as oportunidades de éxito dun socorrista nunha proba, o Xuíz principal está cualificado para:

- En probas de piscina: autorizar a ou o deportista a participar noutra serie ou realizar a proba de novo, en caso de finais.
- En probas de praia: repetir a serie ou final con todos e todas as participantes.

ARTIGO 7

7.1. As baixas das sesións eliminatorias e das finais, o realizarse a baixa nunha final, o deportista na clasificación xeral puntuará por detrás do resto dos finalistas.

7.2. A ausencia inxustificada dun socorrista nunha saída sen ter comunicado a súa baixa, suporá a baixa do socorrista nas probas a competir en toda a sesión.

7.3. Se un deportista non pode disputar unha proba no transcurso da competición, debe comunicalo ó Xuíz Principal, que valorará xunto ó Director de Competición se a causa é xustificada, en caso contrario aplicarase o disposto no artigo 7 apartado 2.

7.4. Se a ausencia dun socorrista é causada por unha lesión, que precisa de atención médica, axuntarase o parte médico ou fotocopia ás actas de competición.





ARTIGO 8

8.1. As puntuacións para cada unha das competicións se regulamentarán ó comezo da temporada deportiva.

Os socorristas que participen na final "A" ocuparán os postos do 1 ó 6 (8), e os das finais "B" os seguintes 7 ó 12 (9 a 16), sen que un participante da final "B" se clasifique por diante dun socorrista da final "A", aínda que o seu tempo sexa mellor.

Os socorristas que sexan descalificados, nunha final "A" ou "B", clasificaranse no derradeiro posto da final correspondente, sempre por diante dos non presentados ou baixas, obtendo os descalificados a puntuación seguinte ó derradeiro clasificado. Se os deportistas son dous ou máis, súmanse os puntos destes e divídense entre eles.

O socorrista que non participen na súa final correspondente, por motivo de baixa ou non presentado, obterá 0 puntos. No caso de baixa nunha final, o seguinte socorrista na clasificación, terá opción de participar nesta.

Isto será válido sempre e cando a final non sexa directa, en este caso a puntuación sería 0.

A puntuación para as probas individuais e de relevos será a que se describe no cadro seguinte. Este sistema de puntuación tamén aplica aos campionatos con formato Open.

LUGAR	PUNTOS	LUGAR	PUNTOS	LUGAR	PUNTOS	LUGAR	PUNTOS
1	20	5	13	9	8	13	4
2	18	6	12	10	7	14	3
3	16	7	11	11	6	15	2
4	14	8	10	12	5	16	1

Nas probas individuais só puntuaran os 3 primeiros deportistas de cada club para as clasificacións xerais de club.

Para acadar a puntuación adicional referida ós récords, estes terán que ser batidos no Cto. Galegos correspondente a súa categoría.

Récord do Mundo:	100 puntos.
Récord de Europa:	80 puntos.
Récord Nacional Absoluto:	60 puntos.
Récord Nacional Categorías:	40 puntos.
Récord Galego Absoluto:	20 puntos.
Récord Galego de categorías:	10 puntos.

8.2. Os récords Galegos homologaranse coa media de dúas marcas, a do Xuíz cronometrador e a do Xuíz principal, mentres que o resto de récords fará falla unha terceira marca.





8.3. Os récoros acadados en xornadas de liga serán recoñecidos pero non sumarán os puntos correspondentes. Os récoros realizados nas toma de tempos oficiais non serán recoñecidos.

8.4. Corresponde ó técnico de cada club, informar á Dirección Técnica da FESSGA sobre os récoros acadados polos seus deportistas e o nome dos integrantes se o récoro fora de equipos no correo: records-fessga@gmail.com

ARTIGO 9

9.1. As reclamacións son posibles:

- Se as normas e regulamentos para a realización da competición non se respectan.
- Se outras condicións poñen en perigo a competición ou ós competidores.
- Contra as decisións do Xuíz Principal.
- Poderase presentar un vídeo como proba da reclamación sempre e cando estea dispoñible dentro dos 30 min. seguintes a presentación da reclamación e non exista un vídeo oficial.

9.2. Toda reclama deberá presentarse antes de (30 min.) tras a finalización da proba ou antes de (15 min.) dende a publicación dos resultados.

9.3. As reclamacións que fagan referencia a erros nos resultados dunha competición, deberán facerse nun prazo máximo de 10 días naturais dende a publicación destes na páxina web ou ser enviados por e-mail ós clubs. Si a reclama excede deste tempo non se admitirá a tramite ***en ningún caso.***

9.4. Por protestas con carácter inadecuado ou mal soantes e fora dos procedementos regulamentarios cara ós árbitros ou calquera outra persoa pertencente á organización da competición, sexa dun deportista, de un espectador ou de un técnico, este pode quedar expulsado do campionato se o Xefe de Competición o considera necesario. Quedará reflexado o incidente nunha acta, con valoración posterior por parte da Fessga.

DOCUMENTACIÓN

ARTIGO 10

10.1. A entrega de documentación efectuarase vía e-mail como mínimo un día antes da competición no correo de cada club participante.

10.2. Non se entregará documentación na competición salvo que houberse que facer rectificacións.

NORMATIVAS DE IDADES

ARTIGO 11

CATEGORÍAS	MASCULINA/FEMININA
INFANTIL	Nados no 2014 e 2015
CADETE	Nados no 2012 e 2013





XUVENIL	Nados no 2010 e 2011
JÚNIOR	Nados no 2008 e 2009
ABSOLUTA	Nados no 2010 e anteriores

CATEGORÍAS MASTER	
INDIVIDUAL	RELEVOS
30 - 39	+170/-170 (4) +90/-90 (2)
40 - 49	+170/-170
50 - 59	+170/-170
+ 60	+170/-170

11.1. En relevos, os deportistas poden subir unha categoría para poder completar un equipo, deberá participar en ese relevo como mínimo un deportista da categoría en cuestión. Os deportistas que suban de categoría non poderán disputar a mesma proba de relevos na súa categoría no mesmo campionato. Os deportistas con licenza master poderán participar en probas master e absoluta, podendo obter así a dobre licenza.

11.2 Os deportistas da categoría cadete de segundo ano, poderán participar nas Ligas Absolutas e Campionatos Galegos, considerándose a todos os efectos como deportistas xuvenís, e en consecuencias absolutos.

11.3. Para os deportistas das categorías alevín, infantil e cadete será obrigatorio o uso de aletas de goma, prohibindo o uso das aletas de fibra, resinas ou carbono. 11.4. Para os deportistas da categoría infantil será obrigatorio o uso de nipper

CONTROL ANTIDOPING

ARTIGO 12

12.1. Os controis poderanse realizar, no seu caso, durante os Ctos Galegos Absolutos e JÚNIOR de inverno e de verán.

12.2. A Comisión Técnica da FESSGA reserva o dereito de realizar controis cando estime oportuno (segundo Regulamento Antidoping da RFESS e do Consello Superior de Deportes).

12.3. Se o control antidopaxe realizado a un deportista, en conformidade coa normativa en vigor, resultase positivo, o socorrista sancionado perderá a súa clasificación, anulando a puntuación obtida en todas as probas individuais nas que participara. Entón elaborárase unha nova clasificación para ocupar o lugar vacante.

12.4. Será de aplicación tamén, o disputado no apartado anterior naquel suposto no que o socorrista participe nun equipo de relevos.

12.5. Tódolos deportistas de alto nivel poderán ser requiridos para un control sen previo aviso polo órgano competente.

PREMIACIÓN LIGA

ARTIGO 13





Para obter estes resultados teranse en conta a todos os deportistas con puntuación máis relevo de cada club nas xornadas de liga.

13.1. MELLOR CLASIFICADO DA LIGA GALEGA DE SALVAMENTO E SOCORRISMO (ALV/INF, CAD/XUV E MASTER). (1 trofeo /diploma)

13.2. MELLOR CLASIFICADO DA LIGA GALEGA ABSULTA DE PISCINA DE 1ª E 2ª DIVISIÓN. (1 trofeo/diploma)

13.3. MELLOR CLASIFICADO DA LIGA GALEGA ABSULTA DE PRAIA (1 trofeo / diploma)

13.4 BONIFICACIÓNS SEGUNDO RESULTADOS DA TEMPADA ANTERIOR.

- Bonificación en inscricións na liga infantil, cadete-xuvenil e liga absoluta de praia.
 - 1º - 20%
 - 2º - 15%
 - 3º - 10%
 - 4º - 5%
 - 5º - 5%
- Bonificación en inscricións nas ligas absolutas 1ª división
 - 1º - 20%
 - 2º - 15%
 - 3º - 10%
- Bonificación en inscricións nas ligas absolutas 2ª división
 - 1º - 20%
 - 2º - 15%
 - 3º - 10%
- Bonificación en inscricións na liga master.
 - 1º - 20%
 - 2º - 15%
 - 3º - 10%

PREMIACIÓN CAMPIONATOS GALEGOS

ARTIGO 14

14.1. Medalla de ouro, prata y bronce ó Campión, Subcampión e Terceiro clasificado en cada proba individual e de relevos en cada categoría feminina e masculina.

14.2. Trofeo ó club clasificado en primeiro lugar e título de CAMPIÓN GALEGO por categoría e sexo.

14.3. Trofeo ó club clasificado en segundo lugar e título de SUBCAMPIÓN GALEGO por categoría e sexo.

14.4. Trofeo ó club clasificado en terceiro lugar e título de TERCEIRO CLUB GALEGO por categoría y sexo.

14.5. Trofeo ó club clasificado en primeiro lugar e título de CAMPIÓN GALEGO na suma de puntos por categorías e sexos.

14.6. Trofeo ó club clasificado en primeiro lugar e título de CAMPIÓN GALEGO na suma de puntos por categoría.

14.7. Trofeo ó club clasificado en segundo lugar e título de SUBCAMPEÓN GALEGO na suma de puntos por categoría.





14.8. Trofeo ó club clasificado en terceiro lugar e título de TERCEIRO GALEGO na suma dos puntos por categoría

TOMAS DE TEMPOS

ARTIGO 17

17.1 Cando un club quere realizar unha toma de tempos, e que esta sexa válida para a participación en Campionatos da FESSGA ou da RFESS, debe ter en conta os seguintes requisitos:

1. Enviar a solicitude por e-mail á FESSGA, unha vez aceptada por parte da FESSGA debese enviar as inscricións na web dos deportistas que van a participar e o resguardo bancario do ingreso.
2. O club que solicite unha toma de tempos debe aboar 110 € máis o custo arbitral que dependerá das calles solicitadas. Tarifas arbitrais:
 - Árbitro nacional 50 €
 - Árbitro territorial 35 €
 - Cronometrador 25 €
3. A FESSGA encargarse de validar os resultados e de envialos á RFESS no formato correspondente.
4. O Xuíz nacional debe mandar a acta da toma de tempos ó CGA e á FESSGA por correo electrónico e ordinario.
5. Unha toma de tempos pode ser denegada por non haber árbitros dispoñibles. O árbitro non debe estar vinculado ó club.
6. A duración da toma de tempo non pode exceder de dúas horas.

18.1. No caso particular de que séa a propia FESSGA a entidade organizadora da toma de tempos a taxa para poder participar será de 50 euros por club

